



Servizo de Sanidade Ambiental

<b>Asunto</b>	SOLICITUDE DE INFORME NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
<b>Proxecto</b>	PARQUE EÓLICO MONTEAGUDO
<b>Promotor</b>	EÓLICOS BREOGÁN SLU
<b>Localización</b>	CONCELLOS DE ARTEIXO, A LARACHA E CARBALLO (A CORUÑA)
<b>Expediente</b>	IN661A 03/03
<b>Informe</b>	EOL_IN661A_03_03_1

**SOLICITANTE** Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

## FEITOS

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación con data 01/06/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1170438, unha solicitude de informe en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002.
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos.

- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007.
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015.
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Guía técnica de Alemaña "Hinweise zur Ermittlung und Beurteilung der optischen Immissionen von Windenergieanlagen (WEA-Schattenwurf-Hinweise. Federal/State Working Group for Immission Control (LAI), Notes on the determination and evaluation of optical immissions from wind turbines – (January 23, 2020).
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020.
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexielose.

## ANTECEDENTES

O presente informe realízase avaliando se, no estudo, se tiveron en conta, se identificaron e se valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de exposición



completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco.
- Determinación dos potenciais perigos.
- Identificación das posibles vías de exposición.

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

## AVALIACIÓN

### 1.Poboación en situación de risco

#### 1.1.Caracterización da poboación en situación de risco

Refírese que o parque eólico Monteagudo localízase nos municipios de Arteixo, A Laracha e Carballo dentro da poligonal ADE Alto do Lendo.



Faise unha caracterización da poboación do ámbito. Indícase as distancias a que se atopan as poboacións, as granxas, os equipamentos, os establecementos e puntos de interese turístico.

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao estudo e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, no que se empregan ortofotografías do Plan Nacional de Ortografía Aérea (PNOA) e cartografía de edificacións do catastro, compróbase a existencia dunha edificación residencial no lugar de Carballedo a aproximadamente 506 m do aeroxerador A1-1.

Na contorna do proxecto e a menos de 1500 m dos aeroxeradores, identifícanse edificacións consideradas residenciais nos núcleos de O Campo da Costa, Goxán, O Outeiro, A Pedreira, Xermaña e Alvite no municipio da Laracha; Conteo de Abaixo, O Bosque e Folgueira no concello de Arteixo e Borrazás, Vespilleira, Rapadoiro, Costenla, Vilar Peres, Cestro, Carballedo e Leira no concello de Carballo.

## 1.2 Acceso ás instalacións

Non se indica as medidas de seguridade e control de acceso á subestación e o cumprimento do Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09 e o RD 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23.

Tendo en conta o anterior, debería incluírse no estudio de impacto ambiental estas medidas.

## 2.-Determinación dos potenciais perigos

Neste apartado realízase unha identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

### a) Contaminantes atmosféricos



- Emisión de po e partículas.
- Emisión de gases: gases dos motores dos vehículos e da maquinaria e hexafluoruro de xofre (SF<sub>6</sub>).
- Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.
- Campos electromagnéticos.
- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker).

#### b) Augas

#### c) Contaminantes do chan

- Residuos perigosos e non perigosos
- Uso de produtos perigosos nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: aceites minerais, combustibles, fitosanitarios (herbicidas), biocidas (protectores da madeira), etc.

#### d) Axentes biolóxicos

- Legionella
- Pragas e vectores

### 3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión, así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

#### 3.1 Aire

##### 3.1.1 Emisións de po e partículas

Faise referencia ao control da calidade do aire, sinalando medidas correctoras e protectoras ao respecto, así como medidas de control no programa de vixilancia ambiental.



Identifícase o incremento puntual de partículas en suspensión na atmosfera polos movementos de terra, tránsito de camións e maquinaria pesada e outros. Refírese a adopción de medidas preventivas como a rega dos viarios e a cubrición con lonas dos camións que transporten terras ou materiais que podan xerar po.

Non refire o uso de voaduras.

Tendo en conta o anterior, no estudo de impacto ambiental debería incluírse no caso de realizar voaduras medidas para a afectación dos niveis sonoros e para a emisión de po e partículas.

### 3.1.2 Emisións de gases

Identifícase na fase de obra as emisións de gases contaminantes debidas á maquinaria . Sinálase medidas como a revisión das fichas de mantemento e revisión da inspección técnica da maquinaria.

Non refire o emprego de gases illantes como o hexafluoruro de xofre (SF<sub>6</sub>), gas sintético e inerte que se emprega nos sistemas eléctricos do parque.

Non sinala medidas de seguridade necesarias para o seu manexo co fin de evitar calquera tipo de contaminación. Non se mostra se as cubas de gas son herméticas ou se precisan reposición de gases non equipos.

Tendo en conta o anterior, no estudo de impacto ambiental no caso de utilizar hexafluoruro de xofre (SF<sub>6</sub>), debería incluírse no plan de vixilancia medidas preventivas e correctoras do seu manexo.

### 3.1.3 Ruído e vibración

Identifica a xeración de ruído durante a fase de obras (as correspondentes a unha obra civil convencional), durante a fase de explotación (derivadas do funcionamento dos aeroxeradores) e no desmantelamento do parque.

Presenta un *estudo preoperacional* de ruído mediante unha campaña de medidas en 6 puntos de control, correspondentes a núcleos de poboación do ámbito (Corteo de Abaixo, A Xermaña, Goxán, Carballedo, As Nevadas-Rapadouro e Borrazás) para os períodos día,





tarde e noite. Conclúe que todos os niveis de presión sonora se atopan por debaixo dos valores límite de inmisión aplicables ás emisión acústicas de sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial (55/55/45), establecidos no Real Decreto 1367/2007.

Identifica a xeración de ruído na fase de obras e considera, que debido a baixa intensidade dos traballos xunto á experiencia obtidas dos resultados de control acústico doutros parques eólicos, non se fai necesario o control específico sobre os niveis sonoros na fase de obra. Con todo, sinala que no caso de que ocasionen queixas veciñais levará a cabo unha campaña de control acústico en dita fase de obra e de superar os limiares da normativa vixente, aplicarase medidas como maior limitación horaria, modificacións na planificación dos traballos de obra, entre outras posibles.

Presenta un estudo de modelización acústica utilizando o software Cadna-A. Introduce os datos da presión sonora máxima dos 5 aeroxeradores, do modelo dixital do territorio do ámbito de estudo e as vivendas como polígonos. Para os cálculos utiliza o índice Lden (como indicador do nivel de ruído global durante o día, a tarde e a noite) e o índice de ruído Ln (noite) que é o índice máis restritivo para solo residencial (45 dB). En relación cos valores das isófonas de acordo ao índice Lden, localiza na contorna das isófonas 40-45 dB(A) os núcleos de Leira, Cestro, O Rapadoiro, Borrazás, Outeiro, Goxán, Pedreira e algunhas vivendas illadas e edificacións agrarias e/ou industriais; na contorna da isófona de 45-50 dB(A) aparece os núcleos de Carballedo, Corteo de Arriba, Campo da Costa e parte das vivendas do núcleo de Outeiro. No que afecta aos valores das isófonas para o índice noite (Ln), mostra como ningún dos núcleos de poboación atópanse por riba da isófona de 45 dB(A).

Sinala mediante táboa unha comparativa entre o estudo preoperacional e a modelización acústica para os tres períodos do día. Conclúe que todos os valores no período nocturno da campaña preoperacional (o máis restritivo) son inferiores aos valores do modelo operacional en todos os puntos. Estando todos moi por baixo do limiar dos 45 dB(A). Informa que na modelización non obtivo resultado no punto 2 do preoperacional (núcleo da Xermaña) en ningún dos tres índices calculados, porque a distancia deste punto é de 1500 m ao aeroxerador máis próximo e está por baixo da intensidade mínima de 30 dB do modelo acústico.





No programa de vixilancia ambiental sinala seguimento do ruído, con medidas de control dos niveis de inmisión acústica (tanto no caso de ser necesario na fase de obra como na fase de funcionamento), nos puntos do estudo preoperacional, para a análise do cumprimento do limiares establecidos na lexislación vixente e no caso de sobrepasar ditos limiares, tomar as medidas preventivas e ou correctoras que se consideren procedentes.

Realiza un estudo de efectos acumulativos e/ou sinérxicos de ruído cos parques eólicos de: Pedra Queimada (2 aeroxeradores), Arteixo (1 aeroxerador) e A Laracha (1 aeroxerador). Na fase de obra e desmantelamento, sinala que non haberá efecto sinérxico entre as obras dos parques. Na fase de funcionamento, estuda as sinerxías empregando a mesma metodoloxía da modelización acústica. Os resultados, obtidos en cada unha das análises das sinerxías tendo en conta o índice noite ( $L_n$ ), sinalan un lixeiro incremento da afección acústica, aínda que ningún dos receptores afectados polas sinerxías superan o limiar de 45 dB(A) no índice noite para as edificacións residenciais.

Os criterios empregados para os cálculos teóricos e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

### 3.1.4 Campos electromagnéticos

O Parque Eólico Monteagudo está composto principalmente por:

- 5 aeroxeradores de 4,5 MW de potencia unitaria, aínda que se regularán a 4500 kW, 4380 kW e tres delas a 4000 kW. Por tanto a potencia total do parque 20,88 MW. Os aeroxeradores son de 149,1 metros de diámetro de rotor e 125 m de altura de buxe. Cada aeroxerador presenta un centro de transformador situado no interior da torre de cada aeroxerador e relación de transformación 0,66/30 kV.
- Rede eléctrica soterrada de 30 kV en gabia dende os centros de transformación dos aeroxeradores ata a subestación transformadora do parque.
- A Subestación transformadora de 66/30 kV do parque eólico Monteagudo con aparelaxe de 66 kVa intemperie e aparelaxe de 30 kV no interior no edificio de





control. A SET servirá para os parques eólicos Monteagudo e Pedra Queimada (este último é obxecto de proxecto independente).

- A subestación Monteagudo conectarase a unha nova liña de alta tensión de 66 kV. O proxecto desta liña non entra dentro do alcance deste proxecto.

No referente aos campos electromagnéticos, tómase como referencia os limiares indicados no R.D. 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. De acordo ás recomendacións europeas o limiar establécese en 5 kV/m e 100  $\mu$ T respectivamente, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.

Refírese que os valores de emisión de campos eléctricos e magnéticos no perímetro da subestación eléctrica non superan en ningún caso os valores máximos permitidos marcados polo Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro.

Sinala un estudo dos campos electromagnéticos no proxecto de execución. Agora ben, non presentan no estudo de impacto ambiental, unha simulación ou cálculos estimativos referentes aos campos electromagnéticos xerados nas instalacións do parque eólico (especificamente en referencia á subestación eléctrica con respecto as edificacións de carácter residencial ou vulnerable máis próximas.

Non se indica o cumprimento tanto dos aeroxeradores como do equipo relacionado con respecto ao establecido na Directiva 2014/30/EU en materia de compatibilidade electromagnética.

Tendo en conta o anterior, no estudo de impacto ambiental debería incluírse a declaración de compatibilidade electromagnética dos aeroxeradores establecida na directiva 2014/30/EU e os valores que confirmen a non existencia de campos eléctricos e magnéticos.

### 3.1.5 Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras *shadow flicker* presentase unha análise das edificacións catalogadas polo catastro cun uso residencial ou



servizo público a unha distancia de 1490 m dos aeroxeradores (10 veces o diámetro do rotor. Indícase que se realiza a análise co programa WIND PRO no "caso peor".

Presenta o estudo do efecto de parpadeo de sombras para "o peor caso ou máximo teórico". Dos 183 receptores analizados, 68 receptores superan as 30 horas/ano no "caso peor" e 64 tamén exceden os 30 min/día.

Non mostra resultados para o escenario de "caso real" Neste escenario do "caso real" o limiar a considerar para tomar medidas será de 8:00 horas/ano, segundo os criterios de avaliación de shadow flicker desta dirección xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos":

[https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6777/Alcance\\_PE\\_Galego.pdf](https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6777/Alcance_PE_Galego.pdf)

Refire a realización dun control durante o primeiro ano de explotación nos receptores que superen o limiar.

Faise constar que para a implantación de medidas o limiar a considerar ao respecto do parpadeo de sombras é de 8 h/ano.

Non recolle medidas mitigadoras oportunas (por exemplo, instalación de barreiras físicas, persianas, cortiñas) e/ou medidas correctoras como a programación de parada técnica temporal dos aeroxeradores, no caso de que se supere o limiar recomendado.

Analiza o efecto acumulativo e/ou sinérxico do parpadeo de sombra en relación aos parques eólicos máis próximos PE Pedra Queimada, PE Arteixo e PE A Laracha. En todas as sinerxías estudadas existen receptores que poden ser afectados por dous parques e mostran táboas cos datos dos receptores comúns. Por conseguinte estes receptores tamén deberán ser obxecto de control no programa de vixilancia no caso da superación do limiar das 8 horas/ano de parpadeo.

## 3.2 Augas

### 3.2.1 Augas de consumo

Sinala que no edificio de control o abastecemento de auga realizarase mediante un sistema de potabilización de auga alimentado por un depósito de auga estanca que se



encherá periodicamente mediante camións cisterna pero non refire o cumprimento do Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga de consumo humano.

Dende esta dirección xeral, compróbase que na contorna do parque eólico aparecen dúas captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC), coas seguintes coordenadas ETRS 89/UTM29N: 531975,4794061 e 531839, 4795237; estando a 392 m e a 802 m do parque eólico respectivamente.

Tendo en conta o anterior, no impacto ambiental en caso de dispor de auga de consumo humano deberá cumprir os criterios establecidos no Real Decreto 140/2003 e deberá aportar as medidas protectoras e correctoras para minimizar as posibles afeccións das captacións dos abastecementos de augas de consumo humano que se atopan no ámbito de análise.

### 3.2.2 Augas superficiais e subterráneas

Sinala que as obras a realizar executaranse con criterios que eviten a afección das augas e en calquera caso, executaranse tendo en conta as medidas protectoras e ou correctoras necesarias, ademais de aplicar un programa de vixilancia ambiental sobre o medio hidrolóxico durante a fase de obras e a fase de explotación.

Calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico, precisará ser autorizada polo organismo de bacía competente.

### 3.2.3 Augas residuais/vertidos

*a) Augas residuais sanitarias:* Prevé a instalación de sanitarios químicos na fase de obra e na fase de abandono. Sinala a instalación dun depósito estanco sobre soleira de formigón no edificio de control, cuxo contido será retirado periodicamente mediante camiión cisterna por xestor autorizado.

*b) Augas pluviais.* Sinala a recollida de augas pluviais mediante unha rede de drenaxe do edificio. O resto das augas pluviais incidentes sobre a superficie do parque non son susceptibles de verse afectadas nas súas características.



c) *Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra.* Sinala as localizacións e as características dos espazos necesarios para o almacenamento de residuos tanto durante a fase de obras como na fase de funcionamento. Indica que disporán dun kit antiderrames con medios para a retención e absorción de posibles derrames.

c) *Vertidos procedentes de transformadores.* Non se fai referencia á disposición dun sistema de recollida de posibles fugas de aceites e outras sustancias contaminantes baixo os transformadores da subestación eléctrica.

### 3.3 Chan

Sinálase medidas protectoras e correctoras durante a fase de construción, explotación e abandono do proxecto, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo un seguimento do programa de vixilancia ambiental.

#### 3.3.1 Residuos perigosos e non perigosos.

Identifícase a xeración dos residuos nas distintas fases do proxecto (obra, explotación e abandono). Estímase a magnitude de cada un deles segundo o tipo de residuos, codificación segundo a Lista Europea de Residuos (LER), cantidade xerada e tipo de xestión. Sinalan que todos os residuos producidos serán entregados a xestor autorizado.

Os residuos perigosos e non perigosos almacenaranse en espazos específicos teitados e de solo impermeabilizado. As zonas de almacenamento de residuos estarán sinalizadas correctamente. No edificio de control existirá un local específico para o almacenamento de residuos.

#### 3.3.2 Uso de produtos perigosos

Indican que as sustancias perigosas (aceites, graxas, lubricantes, etc) estarán almacenadas correctamente segregadas e etiquetadas segundo tipo e perigosidade e coa documentación da xestión dos residuos perigosos en consonancia coas disposicións legais vixentes.

Non menciona o emprego de fitosanitarios (herbicidas) nin biocidas. En caso de facer uso, deberán reflectir medidas de manipulación conforme ao especificado Real Decreto



1311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios.

Deberán dispoñer das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Cumprirán as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

### 3.4 Axentes biolóxicos

#### 3.4.1 *Legionella*.

Non se menciona un sistema de auga quente sanitaria.

No caso de instalar un sistema de auga quente sanitaria, cumprirá cos requisitos establecidos no Real decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da legionelose, así como no caso de emprego de sistemas de extinción de incendios que supoñan a existencia de aerosolización.

#### 3.4.2 Pragas e vectores

Non se indica se dispoñen dun sistema integrado de control específico para pragas ou vectores. No caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, deberá dispoñer dun sistema integral de control específico.

### CONCLUSIÓNS

Sen prexuízo do cumprimento das consideracións recollidas en cada un dos epígrafes do apartado de avaliación de este informe e das competencias atribuídas a outros departamentos e organismos na materia, logo da análise da documentación achegada en relación o estudo de impacto ambiental do parque eólico Monteagudo, e tras a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental infórmase como **favorable condicionado** á



presentación, con carácter previo ao inicio das obras, da documentación e información dos aspectos que se relaciona a continuación:

- Non refire o emprego de hexafluoruro de xofre HS<sub>6</sub> o caso de utilización nos equipos eléctricos, debe aportar as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto (para máis información ver apartado 3.1.2).
- Con respecto ó campo electromagnético xerados nestas instalacións deberá presentar datos para poder valorar dito efecto (para máis información ver apartado 3.1.4).
- Con respecto ao parpadeo de sombra (para máis información ver apartado 3.1.5)
  - Non se inclúe o estudo para o escenario "caso real". O limiar a considerar para tomar medidas será de 8:00 horas/ano, segundo os criterios de avaliación de shadow flicker desta dirección xeral.
  - Non se indican medidas mitigadoras oportunas (por exemplo, instalación de barreiras ou pantallas) ou programar paradas temporais dos aeroxeradores no caso de que se supere o limiar recomendado, así como, de ser o caso, o correspondente seguimento específico do parpadeo de sombras no programa de vixilancia ambiental.
- Deberá aportar as medidas protectoras e correctoras durante as distintas fases do proxecto, para minimizar as posibles afeccións das captacións dos abastecementos de augas de consumo humano que se refire no apartado 3.2.1.
- Non se fai referencia a dispor dun sistema de recollida de fugas de aceites e outras substancias contaminantes baixo os transformadores da subestación eléctrica (para máis información ver apartado 3.2.3).

No caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, non resultase abonda ou adecuada para a acreditación dos mesmos, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.





Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A subdirectora xeral de Programas de  
Control de Riscos Ambientais para a Saúde

Ines Mato Naveira

Documento asinado dixitalmente por:  
Ines Mato Naveira (20/12/2022 17:06)  
<https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-Z4G4-BOAH-OF4O-TK9S-8JMY-TSDB-3167-1552-3967-71>

